



FACULTADE DE PSICOLOXÍA

Campus Universitario sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 563 100, ext. 13719
Correo electrónico: zpsideca@usc.es

**REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA
FACULTADE DE PSICOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
(Aprobado pola Xunta de Facultade o 16 de decembro de 2005)
(Ratificado pola Consello de Goberno o 22 de marzo de 2006)**

TÍTULO I. NATUREZA E FINALIDADES

ARTIGO 1.

1. A Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela é o Centro encargado da organización das ensinanzas conducentes á obtención do título ou títulos académicos oficiais de psicólogo.
2. Tamén poderá organizar ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos de carácter universitario que no futuro puideran implantarse ou adscribirse a esta Facultade, dacordo coa lexislación vixente.

ARTIGO 2.

1. A Facultade de Psicoloxía desenvolve as súas funcións, no ámbito das súas competencias, dacordo cos principios establecidos no Título Preliminar dos Estatutos da USC.

ARTIGO 3.

1. A Facultade de Psicoloxía, para o cumprimento das funcións que lle confiren a Lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Compostela, rexerase polo presente regulamento, que haberá de ser interpretado no marco dos devanditos Estatutos e demais lexislación sobre ensino universitario
2. Para todas aquelas cuestións non previstas neste regulamento, nos Estatutos da USC, nin na lexislación sobre o ensino universitario, aplicarase o previsto na Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

ARTIGO 4.

A Facultade de Psicoloxía está integrada por:

- a) O seu persoal docente e investigador
- b) O seu estudantado
- c) O seu persoal de administración e servizos

ARTIGO 5.

Son funcións da Facultade de Psicoloxía as recollidas nos Estatutos da USC para as Facultades e que correspondan ao ámbito de estudo que lle compete.

TÍTULO II. ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 6.

Os órganos de goberno e administración da Facultade de Psicoloxía son os que para os centros establecen os Estatutos da USC:

- a) A Xunta de Facultade
- b) O decano ou decana
- c) Os vicedecanos e/ou vicedecanas
- d) O secretario ou secretaria

ARTIGO 7.

A Xunta de Facultade, segundo o establecido nos Estatutos da USC, é o órgano colexiado de goberno do Centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da Facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

ARTIGO 8.

1. A composición da Xunta de Facultade é a que determinan os Estatutos da USC.

2. Ao abeiro do establecido neses Estatutos respecto da determinación de subsectores dentro do sector de PDI contratado e investigadores en formación e do sector de estudantes, establécese:

a) Para o sector de PDI contratado e investigadores/as en formación:

i) No caso de que a totalidade deste persoal non exceda do 14% do total da Xunta, formará parte da Xunta de Facultade todo el.

ii) No caso de superar o 14% da Xunta, elixirase unha representación dacordo coa seguinte distribución por subsectores:

- unha representación do persoal docente e investigador contratado a tempo completo do 10% da Xunta
- unha representación do persoal docente e investigador contratado a tempo parcial do 2% da Xunta, cun mínimo de un
- unha representación dos investigadores en formación e perfeccionamento do 2% da Xunta, cun mínimo de un

No caso de que nalgún destes subsectores o número de persoas censadas sexa igual ou inferior ao número de representantes a elixir, formarán parte da Xunta todos eles.

No caso de quedaren postos de representación vacantes nalgún dos subsectores, ben por ser o número de membros do mesmo menor que o dos postos de representación, ou ben por non haber candidatos/as suficientes, os postos de representación sobrantes distribuiranse entre os outros subsectores, respectando en todo caso os límites establecidos nos Estatutos da USC¹, do seguinte xeito:

- os postos sobrantes do subsector de PDI contratado a tempo parcial asignaranse ao subsector de investigadores en formación e perfeccionamento e viceversa;
- os postos sobrantes no subsector de PDI contratado a tempo completo asignaranse, repartindo por igual, entre os outros dous subsectores (caso de postos impares, terá prioridade o de maior censo).

b) Para o sector de estudantes, establécese a seguinte distribución por subsectores:

i) Estudantes de 1º e 2º ciclo, que terán unha representación do 25% da Xunta

ii) Estudantes de 3º ciclo, que terán unha representación do 5% da Xunta

No caso de non haber candidatos/as suficientes no subsector de 3º ciclo, os postos vacantes pasarán a sumarse á representación do subsector de 1º e 2º ciclo.

3. Para todo o relativo á elección de representantes na Xunta de Facultade, duración do mandato e perda da condición de representante, estarase ao establecido nos Estatutos e no Regulamento electoral xeral da USC.

ARTIGO 9.

Son competencias da Xunta de Facultade as que lle encomendan os Estatutos da USC

ARTIGO 10.

A asistencia ás sesións da Xunta de Facultade constitúe un dereito e un deber para todos os seus membros. Para o cumprimento desta función quedan dispensados de calquera outra actividade universitaria polo tempo que duren as sesións da Xunta.

ARTIGO 11.

A Xunta de Facultade actúa en Pleno ou en Comisión Permanente. Dótase tamén das Comisións Delegadas de carácter estable que neste regulamento se determinen, que a asesorarán e asistirán nas súas funcións, e poderán dotarse tamén, por acordo do Pleno, de comisións delegadas de carácter conxuntural para asuntos específicos.

¹ O art. 98.2) dos Estatutos da USC establece que o PDI a tempo parcial non poderá representar máis do 5% da Xunta

ARTIGO 12.

1. O Pleno da Xunta de Facultade será convocado polo secretario ou secretaria, por orde do decano ou decana, ou na súa ausencia, dun vicedecano ou vicedecana, con carácter ordinario polo menos unha vez por trimestre, e con carácter extraordinario a iniciativa do Decano/a ou a pedimento de:

- a) un 25% dos seus membros.
- b) a maioría da Comisión Permanente.

2. No caso de convocatoria extraordinaria a pedimento dos membros da Xunta ou da súa Comisión Permanente, a reunión deberá celebrarse no prazo máximo de 15 días hábiles desde a recepción da solicitude no Rexistro do Centro. Na solicitude de convocatoria, que deberá realizarse por escrito no Rexistro do Centro, deberase indicar o punto ou puntos que se desexe debater na sesión, coa redacción precisa de cómo se quere que figure na orde do día.

ARTIGO 13.

1. Na convocatoria deberá constar a orde do día, data, hora e lugar da reunión, así como o lugar (físico ou electrónico) no que se pode consultar a documentación referente aos puntos da orde do día, no caso de existir.

2. A convocatoria deberá ser entregada, cando menos, con setenta e dúas horas de anticipación, excepto no caso de Xunta extraordinaria e urxente, que se poderá convocar cunha anticipación de vinte e catro horas.

3. A convocatoria deberá ser realizada polas vías de comunicación ordinaria de que en cada momento dispoña a Universidade. Neste sentido, e no momento da aprobación deste regulamento, considérase válida a convocatoria por escrito:

- a) en papel, que se entregará a cada membro da Xunta no casilleiro que para a súa correspondencia teña disponible na Facultade de Psicoloxía, ou noutro centro da USC se así o solicita explicitamente.
- b) vía correo electrónico, que se enviará a cada membro da Xunta ao enderezo de correo-e facilitado polo servizo correspondente da USC.
- c) vía lista de distribución administrada polo decanato.
- d) vía calquera medio electrónico de acceso individualizado que a Universidade poña a dispor para efectos de comunicacións entre os seus membros con carácter universal.

4. É responsabilidade dos membros da Xunta de Facultade comunicar ao secretario ou secretaria da Facultade os cambios que se poideran producir nos enderezos, tanto físico como electrónico, no que desexa recibir as convocatorias, que deberán ser, en todo caso, enderezos da USC.

5. As reunións da Xunta de Facultade celebraranse nas dependencias da Facultade, en días administrativamente hábiles. As Xuntas de Facultade ordinarias convocaranse fóra dos períodos oficiais de exames.

ARTIGO 14.

1. A orde do día será elaborada polo Decano/a, asistido polo secretario/a e máis o equipo decanal. Nela figurarán inexcusamente as mencións de aprobación da acta da sesión anterior, informe do decano ou decana, asuntos de trámite e rolda aberta de intervencións, agás no caso de que a Xunta se convoque con carácter extraordinario ou urxente.

2. A convocatoria da Xunta de Facultade ordinaria deberá incluír na orde do día os puntos que previamente solicitase por escrito un quinto dos membros da Xunta, ou as tres cuartas partes da totalidade dos representantes dun sector, cunha antelación mínima de 48h á data da convocatoria. Esta solicitude deberá ser entregada no Rexistro do Centro e indicar a redacción exacta coa que os/as solicitantes queren que se recolla o punto ou puntos a tratar.

ARTIGO 15.

1. A Xunta de Facultade constituirase validamente en primeira convocatoria coa asistencia do/a presidente e secretario/a da Xunta, ou persoas que legalmente os substitúan, e da maioría absoluta dos seus membros, e en segunda convocatoria, que se celebrará media hora despois, aínda que non se diga expresamente, cando asistan, polo menos, o/a presidente e secretario/a, ou persoas que legalmente os substitúan, e o 15% dos seus membros.

2. A asistencia xustificárase pola sinatura na listaxe habilitada para tal efecto polo secretario ou secretaria da Xunta. Nesta listaxe farase constar o nome e circunstancia dos membros da Xunta non contabilizados para o quórum dacordo co epígrafe anterior.

3. No caso de non se poder constituír a Xunta, por falla de quorum ou do seu presidente, ésta deberá convocarse novamente, no prazo máximo de 2 días hábiles, para unha nova data que deberá ser, en todo caso, no prazo dos seguintes 15 días.

ARTIGO 16.

Cando a natureza dalgún punto da orde do día o aconselle, o decano ou decana poderá convidar, con voz e sen voto, a persoas que non pertencen á Xunta de Facultade, ben a iniciativa propia, ben a pedimento dos/as interesados/as ou dun 15% dos membros da Xunta. Neste caso, as persoas convidadas só estarán presentes na exposición e debate do punto ou puntos para os que foron convidadas.

ARTIGO 17.

1. A Xunta de Facultade será presidida polo decano/a, asistido dunha mesa integrada polos vicedecanos/as e o secretario/a da Facultade, que o será tamén da Xunta.

2. O decano/a dirixe e ordena o desenvolvemento dos debates, dacordo co establecido no presente regulamento.

3. En caso de ausencia do decano ou decana, presidirá a Xunta o vicedecano ou vicedecana en quen delegue expresamente, ou ben aquel/a que teña sido designado para substituílo en caso de ausencia ou enfermidade. En caso de ausencia do secretario ou secretaria, o decano/a designará a quen realice as súas funcións na sesión.

4. A Mesa, tendo en conta a opinión da Xunta de Facultade, interpretará o presente regulamento en casos de dúbida ou omisión. Tamén decidirá sobre a alteración da orde de discusión das propostas da orde do día, o ordenamento dos debates e calquera outra cuestión que se lle encomende no presente regulamento ou que o decano/a lle consulte.

ARTIGO 18.

1. Para a aprobación da acta da sesión anterior, nas xuntas ordinarias, o pleno da xunta poderá acordar que o borrador da mesma se faga chegar, xunto coa convocatoria, aos seus membros. Neste caso, a aprobación da acta farase tras dar a oportunidade aos membros da xunta presentes de manifestaren as súas observacións á mesma e, no seu caso, de presentar as alegacións que estimen. No caso de non se facilitar o borrador da acta con antelación, deberá darse lectura á mesma para a súa aprobación.

2. No punto de informe do decano ou decana das xuntas ordinarias, deberá darse conta das reunións que mantivesen as comisións delegadas desde a anterior xunta ordinaria. Ao remate do informe, calquera membro da Xunta poderá intervir para pedir aclaracións sobre os asuntos dos que se informou.

3. Nos restantes puntos da orde do día, os membros da Xunta teñen dereito ao uso da palabra durante o debate dos mesmos, e sobre calquera outro punto no apartado de rolda de intervencións. O/a presidente da Mesa, asistido polos seus membros, será o responsable de ordenar o desenvolvemento dos debates. Nesta función, deberá garantir o respecto ao uso da palabra de todos os membros que queiran intervir, fixar turnos e tempos de intervención se o estima necesario e velar porque os debates se desenvolvan cinguíndose ao orde do día e desde o respecto ás persoas presentes ou aludidas.

4. Calquera membro da Xunta ten dereito a presentar ante a mesma propostas de acordo ou moción referidas aos puntos da orde do día, con antelación facéndoo por escrito, ou ben no curso do debate do punto correspondente.

5. No suposto de excesiva duración da sesión da Xunta, a proposta da Mesa e co acordo da maioría dos presentes, o/a presidente poderá decidir a interrupción da sesión, que deberá continuar no mesmo día ou ao seguinte día hábil.

ARTIGO 19.

1. As decisións da Xunta de Facultade adoptarán a forma de acordos nas materias da súa competencia, e de mocións ou propostas nos restantes casos.

2. Os acordos da Xunta de Facultade serán susceptibles de recurso nos termos establecidos nos Estatutos da USC.

3. As decisións pódense adoptar por asentimento ou por votación. As votacións poderán ser públicas e a manalzada, ou nominais e secretas. Serán, en todo caso, secretas en calquera dos seguintes casos:

- a) cando así o decida a Mesa

b) cando o soliciten polo menos cinco dos membros da Xunta

c) cando afecten a persoas concretas, agás que haxa unanimidade de todos os asistentes á Xunta e da persoa ou persoas afectadas para realizala a man alzada.

4. No caso de seren sometidas a votación, as decisións adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha determinada proposta, agás nos casos nos que este regulamento, os Estatutos da USC ou calquera outra norma de rango superior aplicable estableza a esixencia dunha outra maioría cualificada.

5. Non se admitirá a delegación de voto nin en membros da Xunta nin en persoas alleas. Tampouco será admitido o voto anticipado, agás nos casos que contemple o Regulamento electoral xeral da USC.

ARTIGO 20.

1. O secretario ou secretaria da Xunta levantará acta de todas as sesións e emitirá certificación dos acordos adoptados, nos termos establecidos no artigo 27 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As actas, unha vez aprobadas, deberán ser asinadas polo secretario ou secretaria, ou quen faga as súas funcións, visadas polo/a presidente da Xunta, e recollidas nun libro de actas. No caso de se elaborar en formato electrónico deberán imprimirse e encadernarse periodicamente para a súa conservación en papel e arquivo. As actas aprobadas, asinadas e visadas estarán baixo custodia do secretario ou secretaria.

ARTIGO 21.

A Xunta de Facultade dótese, ao abeiro do establecido nos Estatutos da USC, dunha Comisión Permanente que estará composta por:

O decano ou decana, que a presidirá

O vicedecano/a ou vicedecanos/as

O secretario/a da Facultade, que o será tamén da Comisión Permanente.

Unha representación da Xunta de Facultade, en número de catorce distribuídos do seguinte xeito:

a) os directores ou directoras de departamento con sé no centro e os coordinadores ou coordinadoras das 6 áreas de coñecemento con maior encargo docente na titulación ou titulacións encargadas á facultade.

b) 4 estudantes

c) 1 membro do PAS

ARTIGO 22.

1. Os/as representantes do estudiantado e do PAS na Comisión Permanente serán elixidos no seo da Xunta de Facultade polos seus correspondentes sectores, tras un prazo de presentación de candidaturas establecido polo decano/a, dacordo coas normas xerais de elección de representantes en órganos colexiados fixadas no Regulamento electoral xeral da USC que sexan de aplicación.

2. Os/as representantes do persoal docente e investigador serán nomeados polo decano ou decana, a proposta dos Departamentos e as áreas de coñecemento respectivas, tras a súa ratificación polo pleno da Xunta de Facultade.

ARTIGO 23.

1. A representación do estudiantado e do PAS na Comisión Permanente serán renovada cando se renove a súa representación na Xunta de Facultade.

2. Os/as representantes do PDI cesarán cando o fagan no seu cargo, sendo substituídos pola persoa que asuma éste.

ARTIGO 24.

1. Son competencias da Comisión Permanente, por delegación da Xunta de Facultade:

a) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.

- b) Coñecer e decidir sobre os asuntos que lle fosen expresamente delegados polo Pleno.
- c) Adoptar acordos ordinarios sobre asuntos que impliquen a aplicación de procedementos e criterios previamente acordados polo Pleno.
- d) Asesorar e facer propostas ao Pleno de mellora de procedementos e criterios de toma de decisión sobre asuntos ordinarios.
- e) Coñecer e decidir sobre os asuntos que lle sexan presentados por outras Comisións Delegadas da Xunta de Facultade e elevalos, no seu caso, ó Pleno.
- f) Asesorar en todas aquelas cuestións que o decano ou decana ou o Pleno da Xunta lle soliciten no exercicio das súas competencias.

2. En ningún caso se poderán delegar na Comisión Permanente as competencias de elección de decano/a; de aprobación dos proxectos de plans de estudos; de proposta de implantación de novas titulacións; de creación de escolas de especialización profesional, e de informe verbo das propostas de creación, modificación e supresión de departamentos que os Estatutos da USC encomendan á Xunta de Facultade.

ARTIGO 25.

O decano/a da Facultade informará ao Pleno, na primeira sesión ordinaria que este celebre con posterioridade á última celebrada pola Comisión Permanente de tódalas actuacións da Comisión, con excepción das referidas a asuntos de trámite.

ARTIGO 26.

1. A Comisión Permanente decidirá a periodicidade das súas reunións ordinarias, se así o estima necesario; en calquera caso, reunirse como mínimo unha vez por trimestre.
2. Poderá reunirse con carácter extraordinario sempre que o decano ou decana o considere oportuno, ou a pedimento dun 25% dos seus membros.
3. En todos os aspectos referidos a convocatoria e normas de funcionamento, estarase ao previsto neste regulamento para a Xunta de Facultade.

ARTIGO 27.

1. Sen prexuízo doutras comisións existentes no Centro e que non dependen directamente da Xunta, esta pode crear Comisións delegadas.
2. As Comisións delegadas poden ser estables ou conxunturais.
3. As Comisións estables son:
 - a) Comisión de validacións
 - b) Comisión de docencia
 - c) Comisión de programas de intercambio
 - d) Comisión de normalización lingüística
 - e) Unidade de xestión do prácticum de psicoloxía
 - f) Comisión cultural

Á marxe destas comisións estables, a Xunta de Facultade poderá arbitrar a constitución de comisións conxunturais para situacións puntuais ou asuntos concretos.

ARTIGO 28.

1. As comisións delegadas da Xunta de Facultade teñen por funcións, para o seu ámbito de competencia, as de informar e asesorar ao equipo decanal e á Xunta de Facultade, desenvolver ou colaborar na avaliación, interna e externa, deses ámbitos, e elaborar propostas de mellora.
2. Tomarán decisións e executarán acordos unicamente nos casos en que este regulamento estableza, ou naqueles que expresamente lle encomende o Pleno da Xunta de Facultade.

ARTIGO 29.

1. Os membros das comisións deberán selo da Xunta de Facultade, de non ser que neste regulamento se especifique outra cousa. Das comisións formará parte, ademáis, o seu presidente, que será o decano/a ou persoa en que delegue. Esta delegación poderá recaer nun vicedecano ou vicedecana ou calqueroutro membro da Xunta de Facultade.
2. Ademáis, poderá formar parte de calquera das Comisións o xestor/a académico/a ou outro persoal da administración do centro, con funcións de asesoramento técnico.

ARTIGO 30.

1. As comisións serán convocadas polo seu/súa presidente, mediante escrito no que figure o lugar, día e hora da convocatoria e a orde do día da reunión, que deberá ser entregado, cando menos, con cuarenta e oito horas de anticipación.
2. Para a celebración das súas reunións, as comisións deberán contar coa presenza do seu/súa presidente e, como mínimo, un tercio dos seus membros.
3. Cada comisión poderá adoptar acordos específicos de funcionamento para adaptarse ás súas especificidades, sen prexuízo, en ningún caso, do establecido neste Regulamento.

ARTIGO 31.

1. A Comisión de validacións, que se crea ao abeiro do establecido nos Estatutos da USC, estará formada por un membro do PDI, funcionario, contratado ou en formación, por Área de coñecemento a proposta destas.
2. Os seus membros renovaranse ordinariamente cada catro anos. Poderá renovarse parcialmente a iniciativa da Área de coñecemento correspondente.

ARTIGO 32.

A Comisión de validacións ten como funcións:

- a) Informar as solicitudes de adaptación de estudos da titulación ou titulacións encargadas á Facultade cursados noutras universidades.
- b) Informar as solicitudes de validación de materias cursadas en titulacións universitarias diferentes ás encargadas á Facultade.
- c) Informar as solicitudes de equivalencia de títulos universitarios obtidos en universidades doutros países no ámbito de coñecemento dos estudos encargados á Facultade.
- d) Informar sobre calqueroutro proceso de recoñecemento de estudos cursados noutras titulacións ou universidades que poideran ser encargados á Facultade.

ARTIGO 33.

Os informes elaborados pola Comisión de validacións no ámbito da súa competencia terán validez sen necesidade de ser expresamente ratificados pola Xunta de Facultade, de non ser naqueles casos nos que, pola natureza ou complexidade do caso tratado, a propia Comisión ou a súa presidencia estime conveniente eleválos ao Pleno.

ARTIGO 34.

1. A Comisión de docencia estará formada por un membro do PDI, funcionario, contratado ou en formación, por Área de coñecemento, a proposta destas, e tres estudantes elixidos/as polos membros de este sector da Xunta de Facultade.
2. Os seus membros renovaranse ordinariamente cada vez que se renove a representación na Xunta de Facultade no caso do estudiantado e cada catro anos no caso do PDI. A representación do PDI poderá renovarse tamén parcialmente a iniciativa da Área de coñecemento correspondente.

ARTIGO 35.

A Comisión de docencia ten como funcións:

- a) Supervisar a programación docente das materias do plan de estudos da titulación ou titulacións encargadas á Facultade e a súa coordinación.
- b) Asesorar na elaboración de horarios e calendarios de exames
- c) Estudar e informar ao decano ou decana sobre queixas, propostas e reclamacións dos/as estudantes en materia de cumprimento de programas; procedementos docentes; procedementos, criterios e resultados da avaliación, e calquer outro asunto relativo ao desenvolvemento da docencia na Facultade.
- d) Estudar, informar e asesorar ao decano sobre calquera problema ou conflito que poida presentarse na organización e desenvolvemento da docencia.
- e) Asesorar e facer propostas sobre os procedementos de avaliación da actividade docente.
- f) Informar sobre o recoñecemento de créditos de libre configuración por equivalencia.
- g) Informar e facer propostas de mellora sobre calquera asunto relacionado coa organización e o desenvolvemento da actividade docente, a iniciativa da propia comisión ou por encomenda do decano/a ou da Xunta de Facultade.

ARTIGO 36.

1. A Comisión de programas de intercambio estará formada polos membros do PDI coordinadores dos programas de intercambio nos que participe a Facultade, e máis un/ha estudante elixido polos membros de este sector da Xunta de Facultade.
2. Os seus membros renovaranse ordinariamente cada vez que se renove a representación na Xunta de Facultade no caso do estudiantado e cada catro anos no caso do PDI. A representación do PDI poderá renovarse tamén parcialmente cando cambien os coordinadores.

ARTIGO 37.

1. A Comisión de programas de intercambio ten como funcións:
 - a) Fomentar entre o estudiantado da titulación ou titulacións encargadas á Facultade a participación en programas de mobilidade.
 - b) Procurar, proponse e xestionar o establecemento de acordos de intercambio con outras universidades para a mobilidade de estudantes, PDI e PAS.
 - c) Establecer os criterios marco para o recoñecemento de materias cursadas noutras universidades ao abeiro dos programas de intercambio e mobilidade e asesorar, en coordinación coa Comisión de validacións se é o caso, o recoñecemento desas materias.
 - d) Facer propostas de mellora para a organización e o desenvolvemento dos programas de intercambio e mobilidade nos que participe a Facultade.

ARTIGO 38.

1. A Comisión de normalización lingüística estará formada polo menos por un membro do PDI, funcionario, contratado ou en formación, por Departamento a proposta do seu Consello, tres estudantes e un PAS elixidos/as polos membros dos respectivos sectores da Xunta de Facultade. Poderán incorporarse a esta comisión, con voz e sen voto, outros membros, no número e condición que determine a normativa interna de que se dote a Comisión.
2. Os seus membros renovaranse ordinariamente cada vez que se renove a representación na Xunta de Facultade no caso do estudiantado e do PAS, e cada catro anos no caso do PDI. A representación do PDI poderá renovarse tamén parcialmente a iniciativa do Departamento correspondente.

ARTIGO 39.

A Comisión de normalización lingüística ten a función de impulsar o cumprimento da normativa en materia de normalización lingüística no ámbito da Facultade e de promover o uso normalizado do galego en todas as actividades que nela se desenvolven, tanto internas como externas.

ARTIGO 40.

1. A Unidade de xestión do prácticum de psicoloxía estará formada por un membro do PDI, funcionario, contratado ou en formación, por Área de coñecemento, a proposta destas, e dous estudantes elixidos/as polos membros de este sector da Xunta de Facultade.

2. Os seus membros renovaranse ordinariamente cada vez que se renove a representación na Xunta de Facultade no caso do estudantado e cada catro anos no caso do PDI. A representación do PDI poderá renovarse tamén parcialmente a iniciativa da Área de coñecemento correspondente.

ARTIGO 41.

A Unidade de xestión do prácticum de psicoloxía é competente para:

- a) Xestionar a oferta e a demanda de prazas para cursar a materia Prácticum do plan de estudos de Psicoloxía, incluíndo a promoción de novos convenios para oferta de prazas e os procedementos de asignación dos/as estudantes ás prazas existentes.
- b) Establecer e verificar as condicións e os criterios de calidade exigibles ás entidades, empresas e institucións coas que se convenie a oferta de prazas de Prácticum.
- c) Establecer os procedementos xerais de avaliación do rendimento dos/as estudantes na materia Prácticum
- d) Establecer os protocolos de relación entre titores externos e internos e dos titores cos estudantes de Prácticum.
- e) Establecer os procedementos de avaliación polo estudantado da organización e da docencia de Prácticum.
- f) Elaborar a Memoria Anual do Prácticum para a súa presentación á Xunta de Facultade.

ARTIGO 42.

A Comisión de Actividades Culturais será aberta, polo que poderá estar integrada por membros da Facultade que non pertencen á súa Xunta. O decano ou decana poderá delegar a súa presidencia en calquera dos seus membros. O seu obxectivo principal será promover e coordinar as actividades culturais que se realicen na Facultade, tentando, en todo momento, potencialas.

ARTIGO 43.

Os órganos de goberno unipersoais da Facultade (decano ou decana, vicedecano/s ou vicedecana/s e secretario ou secretaria) están, para as súas funcións, competencias, designación e período de mandato, ao establecido nos Estatutos da USC.

ARTIGO 44.

A elección de decano ou decana farase dacordo co establecido nos Estatutos e no Regulamento electoral xeral da USC.

ARTIGO 45.

1. No caso de se presentar, ao abeiro do establecido no Regulamento electoral xeral da USC, unha moción de censura para a remoción do decano ou decana, éste/a deberá convocar sesión da Xunta de Facultade extraordinaria, con ese único punto na orde do día, no prazo máximo de 15 días hábiles a partir do da súa entrada no Rexistro do Centro.

2. A dita sesión da Xunta de Facultade estará presidida polo profesor ou profesora membro da Xunta máis antigo na Universidade de Santiago de Compostela, asistente á sesión e que non sexa candidato, e actuará como secretario ou secretaria o profesor/a máis novo en idade asistente á sesión e que non sexa candidato.

3. A sesión regularase con sendos tempos de intervención, seguidos de cadansúa quenda pechada de preguntas e observacións e a correspondente quenda de resposta, para o candidato ou candidata alternativa, e para o decano ou decana, ao remate dos cales se procederá á votación.

TITULO III. DA REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

ARTIGO 46.

A iniciativa para a reforma do regulamento pode ser adoptada polo decano/a ou mediante proposta asinada polo 25% dos membros da Xunta de Facultade.

ARTIGO 47.

1. As propostas de reforma do regulamento deberán estar debidamente articuladas e motivadas.
2. Recibida a proposta no Rexistro do Centro, enviarase a todos os membros da Xunta de Facultade, no prazo máximo de 3 días hábiles, e se convocará un pleno para a súa toma en consideración, no prazo máximo de 15 días igualmente hábiles.
3. Se a proposta recibise os votos favorables do 30% dos membros da Xunta de Facultade, abrírase un prazo de 15 días hábiles para a presentación de emendas, tras o cal se convocará unha nova sesión do pleno da Xunta de Facultade para someter o texto, e as correspondentes emendas, a aprobación. No caso de non recibir o número de votos suficiente para ser tida en consideración, non poderá proporse idéntica reforma até transcorrido un prazo de dous anos.
4. O pleno da Xunta de Facultade poderá, na sesión en que se acorde tomar en consideración a reforma do regulamento, dispoñer que a súa Comisión Permanente analice o novo texto proposto e as emendas que se acheguen para elevar unha proposta ao pleno, sen prexuízo de que o texto orixinal e as emendas a él presentadas poidan ser mantidas e debatidas polo pleno.
5. No caso de que a reforma do regulamento veña motivada pola necesidade de adaptalo a cambios normativos ou lexislativos de rango superior, farase de oficio, mediante a presentación do proxecto e a apertura do prazo de emendas, non sendo necesario someter a oportunidade da reforma á consideración do Pleno.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa ratificación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

ANEXO I. ARTICULADO DOS ESTATUTOS REFERIDOS AOS CENTROS E AOS SEUS ÓRGANOS DE GOBERNO

Título II. Da estrutura orgánica da Universidade. Capítulo III. Das facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias

Artigo 55º

1. As facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias son os órganos encargados da organización e xestión dos estudos conducentes á obtención de títulos académicos oficiais. Tamén poderán impartir ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
2. As titulacións universitarias de grao superior ou segundo ciclo corresponderanlles sempre ás facultades e escolas técnicas ou politécnicas superiores.
3. Salvo en situacións transitorias que indiquen o contrario, os títulos propios de primeiro e/ou segundo ciclo que poña en marcha a universidade deberán adscribirse a unha facultade, escola técnica ou politécnica superior, ou escola universitaria, de acordo co establecido nos puntos 1 e 2.

Artigo 56º

Son funcións das facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias:

- a) A elaboración dos plans de estudos das titulacións impartidas polo centro e a participación na elaboración daqueloutras compartidas por varios centros.
- b) A organización e a xestión dos servizos docentes que lles correspondan.
- c) A coordinación, a supervisión e o control da actividade docente desenvolvida no centro e a participación nos procedementos que estableza a universidade para a avaliación da calidade docente.
- d) A elaboración dun calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.
- e) A promoción de programas de intercambio.
- f) A promoción e posta en marcha de medidas para a realización de prácticas externas.
- g) A realización das actividades de xestión académica que lles encomende a universidade.
- h) A administración dos servizos, equipamentos e recursos do centro e o control da súa calidade.
- i) O coñecemento da actividade investigadora que se desenvolva no centro.
- j) A realización de actividades de formación permanente ou de extensión universitaria no seu ámbito de competencia.
- k) A promoción de estudos de posgrao.

Artigo 57º

1. A creación, modificación e supresión motivada de centros serán acordadas pola Comunidade Autónoma, logo do informe do Consello Galego de Universidades, ben a proposta do Consello Social ou ben por propia iniciativa, co acordo do referido consello. En todo caso, será necesario informe do Consello de Goberno da universidade.
2. O expediente de creación ou, se é o caso, de modificación incluírá unha memoria na que se incluírá, polo menos:
 - a) A conveniencia científica, social, económica e cultural da proposta.
 - b) Se é o caso, o proxecto de plan ou plans de estudos das titulacións que se prevén.
 - c) A relación de departamentos que terán ao seu cargo a función docente.
 - d) Os recursos humanos e necesidades materiais.
 - e) A previsión razoada do número de estudantes.
 - f) A incidencia sobre outros centros existentes.
 - g) No caso de modificación, informe dos centros afectados.

3. O expediente de supresión incluíra unha memoria na que se incluíra, polo menos:
 - a) A conveniencia científica, social económica da proposta.
 - b) O destino dos recursos humanos e materiais afectos ós centros que se vaian extinguir, de acordo coa lexislación aplicable.
 - c) A incidencia sobre outros centros existentes.
 - d) Informe do centro afectado.

(...)

TÍTULO III. Do Goberno da Universidade. Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 70º

1. O goberno da Universidade de Santiago de Compostela recaerá en órganos colexiados ou unipersoais.
2. Os órganos colexiados son: o Consello Social, o Claustro Universitario, o Consello de Goberno, a Xunta Consultiva, as xuntas de facultade e de escola, os consellos de departamentos, as xuntas de goberno e consellos científicos de institutos universitarios, e os órganos previstos nas normas reguladoras dos demais centros da universidade.
3. Os órganos unipersoais son o reitor, os vicerreitores e vicerreitores adxuntos, o secretario xeral, o xerente, os adxuntos a vicerreitor, os decanos e os directores de escola, os directores de departamento e de instituto universitario, os vicedecanos e secretarios de facultade, os subdirectores e secretarios de escola, os secretarios de departamento e de instituto e os previstos para os outros centros na súa normativa reguladora.
4. A asistencia ás reunións dos órganos colexiados constitúe un dereito e un deber dos seus membros e débense prever as medidas que favorezan a dita asistencia. Cando a natureza dos asuntos o requira, a presidencia do órgano colexiado, por propia iniciativa ou a instancia dos membros do órgano, de acordo co que dispoña o seu Regulamento de réxime interno, poderá convocar para informe a calquera membro da comunidade universitaria.
5. Os órganos colexiados elaborarán e aprobarán un Regulamento de réxime interno, no que se determinarán os distintos aspectos do seu funcionamento.

Artigo 72º

1. Para ser titular de órganos unipersoais, o profesorado deberá estar acollido ao réxime de dedicación a tempo completo e o estudiantado deberá estar matriculado na modalidade de matrícula ordinaria. O persoal de administración e servizos deberá ter como único emprego o que desenvolva na Universidade de Santiago de Compostela. Para ser titular de órganos unipersoais de centros ou estruturas que non sexan propios da universidade estarase ao disposto no convenio regulador.
2. En ningún caso se poderá exercer a titularidade de máis dun dos devanditos cargos nin a de calquera deles simultaneamente coa de órganos unipersoais de goberno doutra universidade ou do Consello Superior de Investigacións Científicas e dos seus centros respectivos, ou coa de representante sindical.
3. O mandato dos órganos unipersoais electivos será de catro anos, e non poderán ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.
4. Os cargos unipersoais electivos cesarán ao remate do seu mandato, por dimisión, por disolución do órgano colexiado que os elixiu e, agás no caso do reitor, como consecuencia dunha moción de censura construtiva aprobada por maioría absoluta.
5. Os restantes cargos unipersoais serán nomeados e cesarán, segundo o disposto para cada un deles nestes estatutos.

6. No caso de cesamento o reitor resolverá, con carácter xeral, a continuidade en funcións do anterior titular ata a elección da persoa que o substitúa.

Artigo 73º

1. As eleccións de membros de órganos colexiados serán convocadas pola Comisión Electoral Central. Os membros elixidos dos órganos colexiados serano por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto dos seus respectivos colexios electorais.

2. Para a elección de representantes nos órganos colexiados ou para a elección de titulares de órganos unipersoais, non se admitirá o voto delegado, pero o Regulamento electoral poderá admitir o voto anticipado.

3. O Consello de Goberno aprobará o Regulamento electoral xeral da universidade, de acordo coas liñas xerais aprobadas polo Claustro, dentro do previsto nestes estatutos, e que deberán establecer polo menos:

a) A condición de electores e elixibles.

b) Determinación de subsectores dentro dos sectores II e III dos previstos no artigo 76º e o número dos seus representantes, tendo en conta o seu peso numérico relativo dentro do correspondente sector.

c) Circunscricións electorais.

d) Número máximo de candidatos aos que se lles pode dar o voto para garantir a representación das minorías.

4. A resolución das reclamacións, impugnacións ou calquera outra cuestión que se suscite nos procesos electorais correspóndelle á Comisión Electoral Central da Universidade, presidida polo reitor ou persoa en que delegue, e integrada ademais por doce membros elixidos polo Claustro Universitario, de acordo coa súa composición. O Regulamento electoral xeral establecerá, se é o caso, a composición e competencias doutras comisións electorais de ámbito inferior.

Artigo 74º

1. As decisións dos órganos colexiados da universidade adoptarán a forma de acordos e as dos cargos unipersoais, a de resolucións.

2. As resolucións do reitor e os acordos do Claustro Universitario, do Consello de Goberno e do Consello Social esgotan a vía administrativa e son impugnables directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa.

3. Os acordos dos restantes órganos colexiados serán susceptibles de recurso de alzada ante o Consello de Goberno. As resolucións dos órganos unipersoais serán susceptibles de recurso de alzada ante o reitor.

(...)

Capítulo III. Dos órganos dos centros

Artigo 96º

Os órganos de goberno e administración das facultades, escolas técnicas e politécnicas superiores e escolas universitarias son os seguintes:

a) A Xunta de Facultade ou de Escola.

b) O decano ou director.

c) Os vicedecanos/as ou subdirectores/as.

d) O secretario.

Artigo 97º

A Xunta de Facultade ou de Escola é o órgano colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da facultade ou escola, e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

Artigo 98º

1. A Xunta de Facultade ou de Escola estará composta por:

- a) O decano ou o director, que a presidirá e convocará.
- b) Os vicedecanos ou subdirectores, de ser o caso.
- c) O secretario, que o será tamén da xunta.
- d) O seguinte persoal docente e investigador en formación e perfeccionamento con docencia no centro e censados nel, ou non censado, que teña neste un encargo docente igual ou superior a 9 créditos:
 - * Todo o persoal funcionario docente, que representará o 51%.
 - * O resto, sempre que non exceda do 14% do total da xunta.
- e) Unha representación do estudantado do 30%.
- f) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 5% do total da Xunta, cun mínimo de dous.

2. O Regulamento de réxime interno de cada centro, de ser o caso, determinará o número de subsectores e a representación de cada un e respectará en todo caso os seguintes límites:

- a) O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do 5%.
- b) O estudantado de primeiro e segundo ciclo non pode representar menos do 25%.

3. Tamén deberá ser convocado para a Xunta de Facultade ou Escola, con voz, pero sen voto, todo o persoal docente e investigador que imparta docencia no centro e non sexa membro dela, sempre que o solicite.

4. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

5. O persoal docente e investigador estará censado soamente nun centro desta universidade, nas condicións que estableza o Consello de Goberno.

6. O estudantado figurará no censo daqueles centros responsables da titulación ou titulacións en que estea matriculado.

Artigo 99º

1. A Xunta de Facultade ou de Escola elaborará un Regulamento de réxime interno, no que se determinarán os distintos aspectos do seu funcionamento.

2. O regulamento poderá establecer a creación dunha comisión permanente e de comisións delegadas da Xunta de Facultade ou de Escola, e determinará a súa composición, funcións ou competencias.

Artigo 100º

A Xunta de Facultade ou de Escola reunirse, con carácter ordinario, polo menos unha vez ao trimestre en período lectivo, e con carácter extraordinario, tal como se dispoña no seu Regulamento de réxime interno.

Artigo 101º

Son competencias da Xunta de Facultade ou de Escola:

- a) A elección do decano ou director e, de ser o caso, a súa remoción.
- b) A elaboración e a aprobación do seu Regulamento de réxime interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas no centro, consonte a lexislación vixente e as normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización de cursos ou estudos de posgrao.
- f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- g) A programación dos servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.
- h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
- i) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- j) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- k) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.
- l) Calquera outra competencia que lle atribúan estes estatutos.

Artigo 102º

1. O decano ou director representa a facultade ou escola, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

2. A Xunta de Facultade ou de Escola elixirá o decano ou director, de entre os profesores doutores pertencentes a corpos docentes universitarios censados no centro. No seu defecto, nas escolas universitarias o director poderá ser elixido entre persoal funcionario de corpos docentes universitarios non doutor ou profesorado contratado doutor.

Artigo 103º

1. Son competencias do decano ou director:

- a) A representación da facultade ou escola.
- b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade ou de Escola e a de calquera outro órgano colexiado delas, así como a execución dos seus acordos.
- c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da facultade ou escola.
- d) A dirección da política académica da facultade ou escola.
- e) A proposta ao reitor do nomeamento e cesamento do secretario da facultade ou escola e, de ser o caso, de vicedecanos ou subdirectores, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
- f) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
- g) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
- h) O control do axeitado mantemento do patrimonio do centro.
- i) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen estes estatutos ou a lexislación universitaria.

2. As competencias do decano ou director estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración das facultades ou escolas, de non seren atribuídas a outros órganos.

Artigo 104º

1. O secretario da facultade ou escola é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das

certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomende o decano ou director ou que lle encomende a lexislación vixente e estes estatutos.

2. O secretario será nomeado polo reitor, segundo a proposta do decano ou director, de entre os profesores ou funcionarios dos grupos A ou B censados no centro.

3. O secretario cesará por decisión do reitor, sexa tras a proposta do decano ou director ou a petición propia.

Artigo 105º

1. De existiren, os vicedecanos ou os subdirectores serán nomeados polo reitor, a proposta do decano ou director, de entre os membros da comunidade universitaria da facultade ou escola que reúnan os requisitos establecidos no artigo 72º.

2. É labor dos vicedecanos ou subdirectores coordinar ou dirixir, baixo a autoridade do decano ou director, a área ou áreas de competencias que este lles asigne, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos. De existiren varios vicedecanos ou subdirectores, o decano ou director designará o que ten que substituílo, en caso de ausencia ou enfermidade.

3. Os vicedecanos ou subdirectores cesarán no seu cargo por decisión do reitor, logo de proposta do decano ou director, ou a petición propia.

(...)

TÍTULO IV. Do estudo, a docencia e a investigación. Capítulo I. Do réxime dos estudos

(...)

Artigo 129º

1. O Consello de Goberno elaborará unha normativa para a resolución das adaptacións e validacións de estudos cursados en centros españois ou estranxeiros, para os efectos de continuación de estudos, de acordo cos criterios xerais do Consello de Coordinación Universitaria.

2. Cada centro nomeará unha Comisión de Validación que emitirá un informe sobre as solicitudes, de acordo coa normativa considerada no apartado anterior.

(...)

Artigo 135º

1. As facultades e escolas técnicas e politécnicas superiores organizarán os estudos que darán dereito á obtención dos títulos correspondentes ao primeiro e segundo ciclos, sen prexuízo do establecido nos apartados seguintes deste mesmo artigo ou das necesidades derivadas da integración do sistema español no espazo europeo de ensino superior.

Artigo 136º

1. As facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias proporán os plans de estudos correspondentes aos seus respectivos ciclos e ámbitos de actuación, no marco das normas emanadas do Claustro Universitario e coa participación dos departamentos afectados.

ANEXO II. OUTRAS COMISIÓNS DA FACULTADE DE PSICOLOXÍA EXISTENTES NO MOMENTO DA APROBACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO

1. COMISIÓNS NON DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE:

Comisión de Biblioteca. Presidente –decano ou persoa en quen delegue-, 1 representante por área, 1 estudante

Comisión de coordinación do Servizo de Psicoloxía. Presidente –decano ou persoa en quen delegue-, 1 representante do profesorado da Xunta de Facultade, os directores/as das unidades adscritas

Comisións avaliadoras/tribunais:

Comisión de Proba de Conxunto. Presidente –decano ou vicedecano/a en quen delegue-, 3 profesores/as titulares e 1 suplente

Comisión de Premio Extraordinario de Doutoramento. 1 representante e un suplente por área [“Os centros afectados propondrán cada curso académico unha comisión para resolver a concesión dos premios extraordinarios de doutoramento. Para poder pertencer á dita comisión teranse que cumprir os seguintes requisitos: a) ter cando menos un sexenio de investigación concedido; b) non ser un dos directores, codirectores ou titores das teses seleccionadas; c) non ser coautor de ningunha das patentes, artigos ou actas ás que fai referencia o artigo 32.c. A comisión estará constituída, como mínimo, por cinco membros titulares e cinco suplentes que deberán cumprir os requisitos recollidos no parágrafo anterior. Na súa composición garantirase a presenza de, alomenos, un membro de cada departamento e de cada instituto universitario que teña algunha tese seleccionada. A comisión será proposta polo centro, indicando o seu presidente e secretario, e nomeada pola Comisión de Doutoramento”]

Comisión de Premio Extraordinario de Licenciatura. 1 representante e un suplente por área [“Como mínimo deberán estar compostos por tres membros, que deberán ser profesores co grao de doutor da Universidade de Santiago de Compostela, que pertencen aos departamentos e áreas de coñecemento vinculados coa titulación”]

2. COMISIÓNS NON ESTABLES

Comisión para a Conxerencia no EEES. Presidente –Decano ou vicedecano/a en quen delegue-, 1 representante por área de coñecemento, 3 estudantes e 1 PAS